



• **OBJETIVO DO PLAN**

1. Facer efectivo o acceso da cidadanía unha vivenda digna e adecuada ás súas necesidades, nunhas condicións económicas proporcionais aos ingresos do fogar.
2. Determinar a demanda actual de vivenda non satisfeita, así como a demanda potencial, clasificándoa por niveis de renda, e a capacidade de resposta coas vivendas dispoñibles no municipio.
3. Favorecer que as vivendas deshabitadas existentes no municipio que poidan incluírse no mercado do alugueiro, así como propoñer medidas conducentes á diminución de stock de vivendas baleiras.
4. Impulsar as medidas suficientes para favorecer a rehabilitación, a conservación, a adecuación funcional e de aforro enerxético das vivendas e edificios, así como a eliminación da infravivenda.
5. Facilitar o cambio ou permuta de vivenda a aquelas familias que posúan unha inadecuada ás súas necesidades persoais ou familiares.

PLAN DE VIVENDA DO BOLO

QUE É?

Trátase dun documento que recolle as necesidades de vivenda dos habitantes do municipio, e detalla as medidas que debe acometer a política de vivenda para atender esta demanda.

• **POSIBLES ESTRATEXIAS**

1. Fomento da accesibilidade no ámbito da vivenda: instalación de ascensores, salvaescaleiras, rampas, mellorar as condicións de accesibilidade en baños e cociñas, converter planta baixa de edificación en vivenda adaptada...
2. Para o aumento do alugueiro, apostar por incentivos para as persoas propietarias ou cesión de vivenda para alugueiro protexido.
3. Poñer en marcha un programa de compra pública de vivenda usada para o alugueiro protexido.
4. Creación de aloxamentos compartidos onde se incremente a superficie común e que vaian ser destinados ao alugueiro, a cesión en uso ou a calquera réxime temporal similar admitido en dereito, para persoas maiores e/o con discapacidade.
5. Mellora dos servizos públicos entorno a vivenda: Creación de espazos de encontro entre a poboación, mellora do suministro de auga e outros servizos, mellora da accesibilidade en rúas e no acceso as vivendas.
6. Fomentar a rehabilitación integral e a eficiencia enerxética do tecido edificado. Axilizar e facilitar a xestión das solicitudes e axudas económicas (fondos estatais, fondos autonómicos, fondos locais, axudas Next-generation...): Illamento de fachadas, substitución de cuberta e illamento desta, cambio de carpinterías exteriores, substitución de caldeira actual por outra con maior eficiencia...
7. Domótica e doutros avances tecnolóxicos para favorecer a autonomía persoal de persoas maiores ou con discapacidade.

• **COMO PODO PARTICIPAR?**

Para coñecer cales son as necesidades, bastará con facernos chegar a túa opinión a través de dúas sinxelas enquisas: unha para saber que che interesa do plan e outra sobre o estado da túa vivenda. As enquisas pódense facer en galego ou en castelán.

• **ONDE ENTREGO AS ENQUISAS?**

Unha vez contestáchelas ou para solicitar información respecto diso, pódeshce dirixir ao Concello do Bolo, Rúa César Conti, 33, 32373 O Bolo, Ourense.

Existe a posibilidade de facer a enquisa en liña a través da web do concello ou a través do QR.

• **CONTACTO**

Correo electrónico: viviendaobolo@luisalvarezarquitectura.es

Número do concello: 988 32 30 30

Páxina web do concello: <https://www.obolo.es/gl/>

Enquisa socioeconómica.

Unha por persoa. (Galego)



Encuesta socioeconómica.

Una por persona. (Castellano)



Enquisa vivenda.

(Galego)



Encuesta vivienda.

(Castellano)

